

Resolución 4/2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado pola Orde do 24 de outubro de 2025, pola que se publican a listaxe de cualificacións definitivas do 1º exercicio e se convoca á realización do 2º exercicio (PR461C).

REUNIDO, este tribunal cualificador do proceso selectivo unitario de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante orde de 24 de outubro de 2025, adoptou os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.: Informar que á vista das alegacións presentadas polo persoal opositor, e xa respondidas de forma individualizada, acordase a anulación das cuestións 46,57,90 e 117, polo que son substituídas polas cuestións R1, R2, R3 e R4.

SEGUNDO.: Publicar como anexo a esta resolución a listaxe de cualificacións definitivas por orde decrecente da puntuación, tendo en conta as anulacións referidas no acordo primeiro.

TERCEIRO.: Convocar ao persoal opositor que superou o primeiro exercicio á realización da segunda proba deste proceso selectivo (caso práctico).

1. Data: 10.04.2026
2. Hora: 10:00 horas. Chamamento único.
3. Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública
4. Duración: 60 minutos (1 hora)

Ao remate da realización desta proba por escrito, comezará a lectura do mesmo, pola orde de chamamento, continuando ao largo da xornada, ata súa finalización.

CUARTO.: Remitir á Agasp as respostas individualizadas as alegacións recibidas para a súa notificación aos/as interesados/as xunto con esta Resolución e anexo para a súa posterior publicación na páxina web: <https://agasp.xunta.gal/es>

Pontevedra, asinado dixitalmente

Ángel Arjona Bernáldez
Presidente do Tribunal

